

## ANOVA Gondomar fai público o documento do PXOM na súa web.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 07 Decembro 2012 19:21

---



Os cinco concelleiros non adscritos decidiron facer público o documento do PXOM de Gondomar "porque os políticos non somos unha casta superior que deba ter máis privilexios que o resto da cidadanía", afirman. A documentación pódese descargar [na web de ANOVA Gondomar](#), grupo político ao que responden os concelleiros escindidos do BNG, que deste xeito, contraveñen a orde do goberno municipal [que restrinxe](#) o seu acceso ao grupo de concelleiros integrantes do Pleno.

Os documentos do PXOM foron entregados pola alcaldía o pasado 29 de novembro nunha copia dixital. Para os nacionalistas, "o PXOM do PP nace cun grave "pecado orixinal" que vén dos tempos de Urgal e de Lis". Nembargante, "coma fixemos sempre, poremos por diante do interese partidario o interese xeral e o ben común. Por iso ímolo estudar a fondo, enmendar se fora caso e, sobre todo poñelo a disposición da cidadanía", sinalan.

## **ANOVA Gondomar fai público o documento do PXOM na súa web.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 07 Decembro 2012 19:21

---

Os nacionalistas matizan que "é un documento tan importante debe ser coñecido dende o primeiro momento", polo cal decidiron espallarlo nas redes. " O debate urbanístico queda aberto!", sinalan nun comunicado público.